



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2023

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO

PROBA: 7º RALLYMIX CONCELLO DE PIÑOR

PROVINCIA: OURENSE

DATA: 24 E 25 DE XUÑO 2023



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INDICE

TITULO I.....: PROGRAMA HORARIO

TITULO II.....: ORGANIZACION

Art. 1 Organización

TITULO III.....: MODALIDADES XERAIS

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV.....: OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

TITULO V.....: DESENROLO DA PROBA

Art. 9 Recoñecemento

Art. 10 Hora Oficial do RallyMix

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I.....: LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2023 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II.....: CONTROL DE TEMPOS

ANEXO III.....: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO IV....: TERMINOLOXIA

ANEXO V....: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

ANEXO VI....: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VII....: ITINERARIO – HORARIO

ANEXO VIII....: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.

ANEXO IX....: CARNET DE RUTA

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
19.05.2023	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	Escudería MixRallySport Tlf: 674 53 66 14 mixrallyesports@gmail.com
22.05.2023	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
19.06.2021	20:00	Peche de inscricións	
19.05.2023 a 21.06.2021	24 horas	Verificacións Administrativas On-line	mixrallyesports@gmail.com
21.06.2023	18:00	Publicación lista de inscritos	www.facebook.com/RallymixPinor
24.06.2023	08:00	Distribución da folia de ruta para o recoñecementos	Hostal Restaurante ATENEO Ctra. N-525, Km. 267 C.P.32137 - Piñor Tlf: 988 403 203
	08:00	Entrega de documentación	
	De 08:00 a 10:00	Verificacións Administrativas: Mesa A: Karcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	
	De 08:30 a 10:30	Verificacións Técnicas: Calle A: Karcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos	GASOLINERA ATENEO Ctra. N-525, Km. 267 C.P.32137 - Piñor Tlf: 988 403 331
	De 09:00 a 10:30	Recoñecementos. 3 pasadas segundo o Regulamento Xeral de Rallymix publicado no artigo 10. terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	Treito Cronometrado
	11:00	Hora límite presentación vehículos no parque de traballo.	Parque Traballo OU-0402
	11:30	Breeafing cos pilotos	Parque Traballo OU-0402
	11:45	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída	Parque Traballo OU-0402
	11:45	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	Autobús F.G.A.
	12:00	Saída 1ª participante 1ª pasada	Treito Cronometrado
	A continuación	Saída 1ª participante 2ª pasada	
	A continuación	Saída 1ª participante 3ª pasada	
	A continuación	Publicación de resultados Sábado	Autobús F.G.A.
	21:00	Hora límite entrada a Parque Pechado	Campo da Festa O Arenteiro
25.06.2023	09:00	Saída do Parque pechado a parque de asistencia.	Campo da Festa O Arenteiro a Parque Traballo OU-0402
	09:30	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	Parque Traballo OU-0402
	10:00	Saída 1ª participante 4ª pasada	Treito Cronometrado
	A continuación	Saída 1ª participante 5ª pasada	
	14:15	Hora límite presentación vehículos no parque Pechado	Campo da Festa O Arenteiro
	15:00	Publicación de resultados	
	15:30	Hora límite entrada a Parque Pechado	Campo da Festa O Arenteiro
	16:30	Entrega de premios e trofeos	Campo da Festa O Arenteiro

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día 24 de Xuño de 2023 as 08:00 horas, ata o día 25 de Xuño de 2023 as 17:00 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente do RallyMix, emprazado no parque de traballo-parque pechado.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

O/a **Escudería MixRallyeSports** organiza o **7º RallyMix Concello de Piñor**, que se desenrolará desde o día 24 de Xuño ó día 25 de Xuño do ano 2023.

Este RallyMix disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día ____-____-2023. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-____-RX.

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Ignacio José Davila Estévez

Vocais:

D^a. Maite Vilanova López

D^a. Fátima Macías Yañez

D. Iván Alonso Nogueira

D. Borja Vilanova Río

D. J. Luis Vilanova López

Secretario:

D. Ignacio José Davila Estévez

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería MixRallyeSports

Avd. Coruña N°327 4ªA

C.P. 27003 - Lugo - Lugo

Teléfono: 669963457

Páxina WEB: www.facebook.com/RallymixPinor e-Mail: mixrallyesports@gmail.com

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Ignacio José Davila Estévez

DC1ª-0020- GA-EST

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Victoriano Glez. Boullosa

CD1ª-0001-GA

D^a. Maite Vilanova López

CD-0051GA-AUT

D. Jesus Fandiño Sánchez

CD-0934GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. Francisco Javier Riaño Lueiro

OBS-0257-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina /Autobús:

D. Ignacio José Davila Estévez

DC1ª-0020- GA-EST

Xefe de Cronometraxe

D. Raquel Rguez. López

CD-0055-GA

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. J. Alberto Sanchez Fdez.

JOC-0413-GA-AUT.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D^a. Elsa Gonzalez Meixús

DC-0054-GA-AUT.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Jose Luis Vilanova López

CD1ª-0052-GA-AUT

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. Carlos Ivan Alonso Nogueira

DC-0056-GA-AUT

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello D. Manuel Carballo Logo

DC-0571-GA-AUT

Servizo informático e publicación de tempos: GMHP Atodomotor



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Servizo médicos: E.M.S. Galicia
Servizo de ambulancias: As Burgas
Centros asistenciais: CO.SA.GA. // CHOU. // PAC COLES // PAC CARBALLIÑO
Servizo de grúas: Grúas Otero

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O **7º RallyMix Concello de Piñor** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 6.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías
(debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- Copa de Galicia de Marcas de Carcross.
- 9ª Copa Pirelli K6
- E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3.- Descrición.

O **7º RallyMix Concello de Piñor** consta dun percorrido de 12,31 quilómetros, dos cales 9,5 quilómetros corresponden a 1 treitos cronometrados por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folia de ruta consta detallado o percorrido. O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- .- Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2023 serán admitidos a participar.
- .- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 3 a 8, incluídas, ó selo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- .- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
- .- Os ATV biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcross e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- .- Os carcross, da especialidade de Autocross, e os ATV, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.

4.2.- Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3.- Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



4.4.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1:

Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A. - FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2:

Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3:

Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4:

Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5:

Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6:

Vehículos propulsión traseira.

4.5.- Tódolos vehículos de clase B deberán tomar a saída coa roda de repostos xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; Polo que aplicaráselle o tratamento de vehículo non saído.

4.6.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6.- Solicitud de inscrición/s.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no **7º Rallymix Concello de Piñor** deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, á secretaría do Rallymix, sita en:

Escudería MixRallyeSports

Avd. Coruña Nº327 4ªA

C.P. 27003 Lugo- Lugo

Teléfono: 674 53 66 14

Páxina web www.facebook.com/RallymixPinor e-Mail: mixrallyesports@gmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 19 de Xuño de 2023

6.2.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

6.3.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

6.4.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.5.- Os dereitos de inscrición terán que ser satisfeitos da seguinte forma:

.- Na conta corrente **Nº ES15 2080 1219 4030 4000 4870** de **ABANCA**

6.6.- Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.7.- A orde de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.8.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **260,00 €.**, aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **520,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:
Obrigatoria



Facultativa: Deputación de Ourense e Talleres Alonso

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.): _____.

8.1.- Todos os carcross deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.

5.- DESENROLO DA PROBA. O desenrolo do RallyMix terá unha tanda de recoñecemento libre cun máximo de 3 pasadas polo treito, o sábado no horario establecido no regulamento particular (máximo hora e media), sendo imprescindible que pasarán as verificacións administrativas antes de recoñecer o treito, non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 quilómetros./hora. Formas de desenrolo do RallyMix: TIPO A: Tres pasadas oficiais o sábado, dúas pasadas oficiais o domingo. TIPO B: Dúas pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. TIPO C: Tres pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 1 metro antes da liña de toma de tempos (fotocélulas). De ter que interromper a derradeira manga do sábado, por falta de luz, poderase rematar o Domingo, antes do comezo das mangas oficiais da xornada, dende o primeiro número non saído, non podendo saír os números previos, que non tomaran saída no seu orde, nin os vehículos que quedaran parados no treito.

Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.

9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros cunha tolerancia dun 15%. Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

9.2.- Que a saída e a chegada fágase en asfalto obrigatoriamente, con a lo menos unha lonxitude da mesma de 25 metros dende a liña de fotocélulas, antes do primeiro cambio a superficie de terra.

9.2.1.- Crearase unha zona de presaída debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos e de saía onde se recollerán os carnés de ruta, e se comprobará que os participantes vaian cumprindo coas normas de seguridade (levar a roda de reposto, casco, luvas, hans, etc...)

9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de seis a computar no RallyMix. Por operatividade o numero de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, o domingo de 3/2, ou 3/3. O condicionante da luminosidade, e do numero de participantes, autoriza a exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión das mangas a celebrar, no caso de aprazarse parcialmente unha manga para o día seguinte será sempre nunha clase completa.

9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, carcross, trial, 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7.- Publicarase en formato dixital, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto, e enviarase a F.G.A. xunto co Regulamento Particular. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba. Recoméndase a publicación na páxina da F.G.A. o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



9.8.- **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.

9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.

9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocarase as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

9.12.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexerese polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2023 da Federación Galega de Automobilismo.

9.13.- Emitirase un carné de ruta por manga, utilizando o modelo publicado no Regulamento Particular Tipo da F.G.A., que será entregado nun punto do parque de traballo asignado (mediante comunicado polo organizador) e entregado os pilotos. Dito carné deberá ser entregado polo Xefe de Parque.

Artigo 10.- Recoñecementos:

10.1.1.- Os recoñecementos libres deberán ter unha duración máxima de hora e media quedando limitados a un máximo de 3 pasadas polo treito para cada equipo. Nos recoñecementos só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecelo treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa.

10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 € ou 1 minuto a criterio do colexio de comisarios deportivos, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.8.- Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado, e teranse que facer a velocidade moderada, non pasando de 60quilómetro. por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa o equipo.

10.1.9.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.10.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos los efectos, e apertura de expediente disciplinario.

Artigo 11.- Carreira.

11.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito na saída do treito.

11.1.1.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB, da saída do vehículo 0 (Director de carreira en estrada).

11.2.- Según artigo 7.2.- Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes **OPCIONAL RALLYMIX.**



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



11.3.- Presaída: O xefe de posto ou calquera dos comisarios técnicos revisarán, o cal recollerán o carné de ruta e comprobarán as medidas de seguridade (arneses, casco, vestimenta, extinción..) así como a existencia de roda de reposto nas condicións establecidas no Regulamento.

11.3.1.- Saída: O xefe de posto, encargarse de situalo vehículo no posto ou liña de saída. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

11.4.- A saída darase lanzada, cun mínimo de 1 metro por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

11.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa Clase (A ou B) contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización taxada.

11.5.1.- Cando un participante contabilízase como non saído no treito, daráselle o tempo de peor clasificado da súa Clase (A ou B), sumáralle unha penalización de +30" en dita manga. A elección é a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.

11.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

11.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado (descartando o tempo de calquera participante que estivera parado no treito), na mesma manga, da Clase a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, podendo continuar no RallyMix. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

11.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, impedimento de paso doutro vehículo ou por motivos organizativos aplicaráselle o seu tempo da pasada inmediatamente anterior, de non ser anómalo, no caso de selo queda a criterio dos Comisarios Deportivos. No caso de que se dea na primeira manga aplicaráselle un dos tres peores tempos da súa agrupación con paso previo por meta á interrupción da mesma, a criterio dos Comisarios Deportivos. De non existir Agrupación con paso por meta collérase dos tres últimos da clase a criterio dos Comisarios Deportivos podendo descartar en ambas tempos anómalos.

11.9.- No caso de asignación de tempos o sábado e o domingo son consideradas etapas diferentes non podendo asignar tempos dunha etapa anterior.

11.10.- Se un equipo non ten tempos propios por causas alleas a súa vontade considerarase tempo propio o asignado polos Comisarios Deportivos.

11.11.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque pechado-traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

11.12.- Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

11.13.- Terase en saída un mínimo de 2 vehículos de tiro (4x4) ademais dunha grúa plataforma.

11.14.- Recoméndase o uso de 1 ambulancia 4x4., ademais das ambulancias SVA e SVB obrigatorias.

11.15.- Chicans.- Según o Artigo ARTIGO 24.- NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS "CHICANS" EN MONTAÑA E RALLYMIX das prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. Poderán instalarse por motivo de seguridade pero non serán penalizables.

Artigo 12.- Parque Pechado - Parque de Traballo.

12.1.- O parque de traballo, terán que ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debenera estar o máis próxima a saída e meta do treito cronometrado. No caso de facer parque pechado terá que estar ubicado dentro do parque de traballo.

12.2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.



Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

13.1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

13.2.- O Director de Carreira designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. O Xefe de parque entregará, antes do comezo da manga, o carné de ruta a cada participante no lugar designado do parque de traballo polo organizador. A aplicación faise para axilizaro RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

Artigo 14.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de RallyMIX da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2023.

Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"			
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)			
1º 500 € e Trofeo			
2º 400 € e Trofeo			
3º 250 € e Trofeo			
4º 150 €			
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 €.			
XERAL SCRATCH "CLASE B"			
AGRUPACIÓN 2, 3, 4, 5 e 6			
XERAL	PREMIOS POR AGRUPACIÓN		
1º 500 € e Trofeo			
2º 400 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)	
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
6º 150 €			
7º 150 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)	PROPULSIÓN TRASEIRA (AG. 6)
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
10º 100 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
TOTAL: 2.250 €	TOTAL: 2.650 €		
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.900 €UROS.			

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

Don Ignacio J. Davila Estévez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-0020-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba

N.I.F.: 36126937D

Licenza DC1ª-0020-GA

Entidade: Escudería MixRallyeSports

C.I.F.: G-27826403

Asdo.: Presidente D. Ignacio J. Davila Estevez


Licenza DC1ª-0020-GA



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 33328286-K

Licenza CD-0052-GA



PROGRAMA-HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	24 de Xuño de 2023	08:30	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª	24 de Xuño de 2023	11:30	
3ª	25 de Xuño de 2023	09:45	

ANEXO II

CONTROL DE TEMPOS estarase ao disosto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ANEXO III
FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD
CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alomenos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, e dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si aí un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalizados con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.

Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberta do Organizador.

MODELO DA FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

ROAD BOOK SEGURIDAD		PLAN DE SEGURIDAD			
1 RALLY MIX CONCELLI DE PIÑOR		H. S. SABADO 1º P	12:15	H. S. DOMINGO 1º P	10:00
		H. S. SABADO 2º P	14:15	H. S. DOMINGO 2º P	12:00
		H. S. SABADO 3º P	16:15		
INFORMACION Y MEDIOS					
P. KM.	DIRECCION	VIARIOS	EFFECTIVOS	MEDIOS ACTIVOS	MEDIOS PASIVOS
DISTANCIA TC. 15,00					
0,00 PARCIAL		LOCAL	 	 	 4
0,00		1			
P. KM.					
0,20 PARCIAL		LOCAL			
0,20		2	14,80		
P. KM.					
0,50 PARCIAL		LOCAL			
0,30		3	14,50		
P. KM.					
1,00 PARCIAL		LOCAL			 2
0,50		4	14,00		
P. KM.					
1,20 PARCIAL		LOCAL			
0,20		5	13,80		
	PUNTO MEDICION	CAMINO TIERRA	CTRAL ASPALTO	SENTIDO CIRCULACION	NO SEGURO
					SALIDA-META
					1



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO



ANEXO IV TERMINOLOXIA

Sector de enlace	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
Sección	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: - entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento. - entre dous reagrupamentos sucesivos. - entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.
Etapa	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do percorrido efectuado, si este é inferior a sete horas.
Neutralización	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
Reagrupamento	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
Parque Pechado	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
Complemento	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
Carnet de Control	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
Treito cronometrado	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

ANEXO V ENCARGADO DAS RELACIONS COS PARTICIPANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades dependendo do horario do RallyMix).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



ANEXO VI

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NO TREITO CRONOMETRADO:

a) Servizos de asistencia: Na saída de cada treito cronometrado: 1 vehículo de rescate. 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistencial). 1 equipo de socorristas. 2 grúas. 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 quilómetros: 1 médico. 1 ambulancia equipada. 1 equipo de socorristas.

De acordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas. Sinalización: As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 quilómetros), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

d) Evacuación: Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urgencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.



ANEXO VII

PROBA: 7º RALLYMIX CONCELLO DE PIÑOR

ITINERARIO HORARIO

NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DO TREITO E HORARIO DE PECHER PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYMIX, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.

ANEXO VIII

CARAVANA RALLYMIX:

En tódolos rallymix a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello). Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizarlos, así como da inhabilitación das licenzas de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD ou GA-JOC, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirse unha acta-informe que grampada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

ANEXO IX
CARNET DE RUTA

4º RALLYMIX CONCELLO DE PIÑOR 2019

27 e 28 de Xullo de 2019

MODELO A IMPLANTAR DE OBRIGADO CUMPRIMENTO EN TÓDOLOS RALLYMIX 2019

	<input type="text" value="COCHE Nº"/>		<input type="text" value="KMS. 9,37"/>
		CARNET DE RUTA	
		PRIMEIRA PASADA	TREITO 1 SABADO
HORA TEÓRICA DE SAÍDA	<input type="text"/>		<input type="text"/>
	<input type="text" value="Nº VEHÍCULO ANTERIOR"/>		HORA SAÍDA REAL
			Asdo: Comisario

MOI IMPORTANTE:

2.5.- Calquera participante que non saia no seu número correspondente penalizará 20 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada.

2.7.- **Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, de cada Clase "A" ou "B". Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no RallyMix.** Poráselle o peor tempo do derradeiro participante clasificado nas mangas das incidencias con ningún tipo de penalización ou accidente. **Para aparecer na clasificación final, terase que completar**

Nota: Antes de cada manga entregarase ós participantes, polos relacións cos participantes (con sinatura de recibí), o carnet de ruta coa hora de saída. **Cada manga terá un carnet de ruta de diferente cor.** Ó sonar as sirenas marinas, durante un minuto, indica o comezo do treito.